

## RICARDO CARVALHO CALERO. LETRAS GALEGAS 2020

### TEMA 4

#### ETAPA LUCENSE (1950-1965)

##### O COLEXIO FINGOI

A cidade de Ferrol en que Carvalho Calero vive coa súa muller e as súas dúas fillas non lle ofrece máis que breves e pouco atractivas oportunidades laborais que só lles permiten unha mínima subsistencia, de modo que o matrimonio comeza a albiscar a posibilidade de trasladarse a outro lugar en que as perspectivas de futuro sexan mellores.

María Ignacia, de orixe lucense, ten relación co empresario e humanista Antonio Fernández López, quen en 1950 pon en marcha un novidoso proxecto educativo na cidade das murallas denominado Colexio Fingoi. Cara a alí se traslada toda a familia, no caso de Calero coa encomenda de ser o director do centro, aínda que non poida figurar oficialmente como tal polas restricións que lles impón o goberno franquista aos represaliados.

No colexio Fingoi exercerá Calero o seu labor docente ata 1965, e durante eses quince anos será un lucense máis e participará activamente na vida social e cultural da cidade. Unha das máis importante pegadas que deixou o ferrolán neste centro de ensino, aínda en activo, foi a organización das veladas teatrais nas que exercía como director de escena e que en máis dunha ocasión tiveron como obxecto a representación de obras da súa autoría.

O colexio Fingoi tiña unha filosofía de traballo baseada nos principios da Institución Libre de Enseñanza, unha corrente nacida a finais do século XIX que defendía unha renovación pedagóxica sobre os principios da formación integral do alumnado nun contexto de neutralidade ideolóxica, tolerancia e respecto, algo infrecuente naqueles tempos de ditadura. Ademais, nel ofrecíanse bolsas para o profesorado que quixese realizar estadias no centro; e por alí pasaron, entre outros, os profesores e escritores Xosé Luís Méndez Ferrín, Bernardino Graña ou Arcadio López Casanova.

A chegada a Lugo leva aparellada outra boa nova: en 1951 prodúcese a extinción da pena de cárcere á que fora condenado en 1939, polo que deixa de estar en liberdade condicional, e aínda que a efectos prácticos non representa un gran cambio na súa situación profesional, si supón un respiro e unha sensación de maior conforto persoal.

Durante os anos lucenses Carvalho Calero é unha das figuras habituais nos faladoiros que se organizan no café Méndez Núñez, onde acoden tamén persoeiros como Luís Pimentel,

Celestino Fernández de la Vega, Ramón Cabanillas (durante as súas etapas de retiro no mosteiro de Samos), Ánxel Xohán, Ánxel Fole ou un xove Manuel María.

Calero mantén as súas colaboracións con diversos medios de comunicación, e agora escribe tamén na revista *Vida Gallega* (con sede en Lugo) e no xornal *Faro de Vigo*. Ademais, moitos dos seus traballos académicos ven a luz en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, a revista do Instituto Padre Sarmiento, do que chega a ser presidente en funcións por máis que non comungue co seu espírito de traballo («era o que había...»), confesa nunha entrevista xa ao final da súa vida).

### **VOLTA A PUBLICAR, TESE DE DOUTORAMENTO E INGRESO NA RAG**

A década de 1950 foi un punto de inflexión na vida de Carvalho Calero, logo das dificultades que atravesara desde o golpe de estado de 1936.

A primeira gran noticia foi a concesión dun premio á súa obra *A xente da Barreira*. A editorial Bibliófilos Gallegos, creada en 1949, decide ese mesmo ano convocar un certame literario para premiar a mellor novela presentada, que podía estar escrita en galego ou castelán e debía tratar sobre algunha temática vinculada a Galicia.

Aínda que a previsión era que gañase un texto en castelán, nun momento en que o galego estaba relegado en todos os ámbitos de uso propios dun idioma, finalmente foi elixida a proposta de Calero, escrita en galego nunha demorada redacción ao longo da década de 1940. Este foi un dos traballos en que Carvalho Calero buscou refuxio durante aqueles anos ferroláns de estreitez e privacións.

O premio, cuxo ditame se dá a coñecer en 1950, levaba aparellada a edición da obra, que se converteu na primeira novela publicada en galego desde a guerra civil. E en 1950 publícase tamén *Anxo de terra*, o regreso do autor á produción poética, que terá continuidade en 1952 coa publicación de *Poemas pendurados dun cabelo* e en 1961 con *Salterio de Fingoi* (en cuxo título se recolle a referencia ao lugar en que foron redactados os versos que o compoñen).

Aínda nese mesmo ano de 1950 tería lugar outro acontecemento importante na vida de Carvalho Calero: a fundación da editorial Galaxia, en cuxa posta en marcha tamén participa. Porén, a súa situación económica non lle permite formar parte do padroado da institución, polo que a súa presenza será unicamente como apoio e mediante a achega de ideas para a consolidación do proxecto. E tamén a través da publicación dos seus traballos de investigación literaria nesta editorial, como o clásico *Sete poetas galegos*, en 1955.

Durante a década de 1950 haberá tempo para outras boas novas, como a defensa da súa tese de doutoramento en 1954. O traballo leva por título *Aportaciones fundamentales a la literatura gallega contemporánea*, e recibiu a cualificación de «sobresaliente, con dereito a premio extraordinario» por parte do tribunal madrileño que o avaliou. De feito, só un ano despois, en 1955, a tese de doutoramento de Calero vaise publicar baixo o título *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea* na editorial Gredos.

Antes do remate da década, en 1958, Ricardo Carvalho Calero pasa a formar parte da Real Academia Galega, e para o discurso de ingreso escolle o artigo «Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía de Castro», a figura literaria sobre a que realizou un labor máis profundo de investigación e crítica. O encargado de responder o seu discurso vai ser Ramón Otero Pedrayo, un dos que asinara a proposta de nomeamento de Carvalho Calero como membro da RAG e polo que o ferrolán sentía afervorada admiración.

O acto ten lugar na simbólica data do 17 de maio, que daquela aínda non era o Día das Letras Galegas (a primeira edición foi a de 1963, dedicada precisamente a Rosalía de Castro).